



*Documento de INSTRUCCIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN FINAL das axudas para o fomento da contratación de tecnólogos para a realización de actividades de I+D+i nas empresas e organismos de investigación en Galicia (PROGRAMA PRINCIPIA) convocada pola [Resolución do 24 de abril de 2018](#)*

*O artigo 26.n) da dita resolución de convocatoria establece como obriga das entidades beneficiarias a presentación da **xustificación final da axuda percibida**.*

*A dita xustificación deberá realizarse tendo en conta o previsto nas seguintes instrucións:*

#### **A. Prazos:**

*1. **Trece meses** contados desde o **inicio de cada contratación incentivada** incluídas as posibles substitucións e independentemente da duración do dito contrato (sexa temporal ou indefinido).*

#### **B. Documentación:**

- 1. Memoria final resumo das actividades de I+D+i realizadas polo persoal contratado, debendo achegarse unha por cada contrato incentivado (Anexo VII).*
- 2. Copias das nóminas aboadas ao persoal contratado así como os documentos bancarios correspondentes que acrediten o seu pagamento.  
Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario da remesa total mensual, deberá achegarse a listaxe da orde de transferencia en que se detallen os distintos traballadores incluídos, que deberá estar selada pola entidade bancaria.*
- 3. Impresos de liquidación nominal do IRPF e xustificantes do seu pagamento. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe considerarase xustificado coa presentación dunha declaración (Anexo VIII) dos importes mensuais de retencións do IRPF dos traballadores incentivados, quedando as entidades obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación, unha vez se dispoñan dos mesmos.*

#### **C. Contratacións temporais:**

*No prazo dun **mes** contado desde o **remate da duración temporal** de cada contratación incentivada:*

- Copia da vida laboral actualizada do persoal contratado aos efectos de comprobar o requisito de permanencia establecido no artigo 26.m da resolución de convocatoria*

#### ***D. Contratacións indefinidas:***

*No prazo dun mes contado desde o transcurso do período de 2 anos de cada contratación incentivada:*

- *Copia da vida laboral actualizada do persoal contratado aos efectos de comprobar o requisito de permanencia establecido no artigo 26.m da resolución de convocatoria*

#### ***D. Forma de presentación:***

*A través de Sede Electrónica da Xunta, [carpeta de cidadán](#), no trámite común “achega documentación xustificativa”.*

*Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019*

*A Axencia Galega de Innovación*

*[servizos.gain@xunta.gal](mailto:servizos.gain@xunta.gal)*